



-- UNHA COUSA É PREDICAR, E OUTRA DAR TRIGO --

Eu, Miguel López Loureiro, con DNI 32594847Y, con domicilio en Cedeira, Avda. de España 67
1º C expoño:

Como veciño que son de Cedeira, non me queda outra opción que lembrarille ós concelleiros de Urbanismo e Medioambiente deste concello, Jose Antonio Muíño e José Camilo Casal, que retomen o mesmo interés que tiveron naquel intre, cando denunciaron dende o seu grupo político Anova, ó anterior goberno municipal do PP, polo que eles mesmos consideraron o foco de contaminación más grande que había e hai en Cedeira.

Agora que están no pôder, estes concelleiros, como responsables desa obra, deben actuar en consecuencia coa súa responsabilidade, e axilizar os trámites necesarios para realizala.

Este foco de contaminación, atópase nun colector do alcantarillado, que verque directamente no noso río, e está situado indo polo paseo fluvial dende o Parque da Xunqueira cara o muíño da Acea, polo lado da dereita á altura do último banco, e está metido na beira do río. Cando máis contaminación bota é se chove, ó levantar, coa presión da auga, a tapa do colector.

Xa non valen desculpas, os cen días que se lle dan de "espabilamento" pra poñerse ó día a calquer goberno saído das urnas xa remataron, agora esíxese eficacia.

Espero que este aviso non caiga en "saco roto", e o chamado "Goberno Municipal de Progreso" solucione xá este grave problema de contaminación que tén a nosa Vila.

Presento fotos do colector baleirando directamente no noso Condomiñas, e mando copia deste escrito, que vou presentar no Concello no rexistro de entrada, a cada un dos grupos políticos que forman esta coalición de goberno.

Cedeira, 30 de Setembro de 2015